

AO ALUMNADO DE 3ºA

Ola rapaciñ@s:

Como levades o de ter clase na casa?

Agora non tendes que pedir permiso para ir ao baño, eh picaróns !!

Xa vexo que algún traballades arreo no SNAPPET, espero que vaiades combinando coas actividades que vos vou poñendo na web do cole (curso - 3º).

Os que teñades dificultades coa Internet na casa, podedes ir facendo as actividades dos libros que levastes, seguindo os temas que nos faltaban por dar.

E ademais, o whatsapp das mamás é moi útil para intercambiar información, sobre todo, nestes casos.

Aínda faltan días para vernos, por iso irei actualizando na web o cadro de actividades por materias.

Planificade o traballo da semana, non é cousa de facer todo nun día e outro, nada.

Lembrade: lectura diaria, en galego e castelán, e repaso de táboas de multiplicar, para non esqueceras. Tendes enlaces na web para facer cálculo.

Anímovos a participar no Concurso "Debuxa o coronavirus", que proponen os equipos da Biblioteca e de Normalización (EDLG), está na páx. central do cole.

E tamén vos propoño unhas actividades para celebrar o DÍA DA POESÍA, o 21 de marzo.

A ver se vos gustan.

E polo de agora, nada máis. Unha aperta moi forte a tod@s xuntiñ@s .

Ana